


# **PROXECTO DE FOMENTO DE USO DO GALEGO**



**Equipos de  
Dinamización  
da Lingua Galega**

**EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DE LINGUA GALEGA  
CPI LUÍS DÍAZ MORENO - BARALLA**

## **ÍNDICE**

- 1. EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA**
- 2. BREVE ESTUDO SOCIOLINGÜÍSTICO**
  - 2.1. A contorna sociolingüística do centro.**
  - 2.2. A situación do profesorado.**
  - 2.3. A situación do alumnado.**
  - 2.4. A situación lingüística do centro.**
- 3. OBXECTIVOS**
- 4. DESCRICIÓN DE ACTIVIDADES.**
- 5. CADRO RESUMO DE ACTIVIDADES.**

- 1. EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA.**

Durante o curso 2023-2024, o EDLG estará formado por:

### **Profesorado**

Cristina García (Educación Primaria)

Natalia López (Educación Infantil)

Javier Celeiro ( Educación Secundaria)

Lois Toirán ( Educación Primaria)

Ángeles Pereira (Educación Secundaria)

Mercedes Fernández (Educación Secundaria, Coordinadora)

Santiago López (Educación Secundaria)

Dolores Gómez (Educación Secundaria)

Marcos Corbacho (Educación Secundaria)

### **Alumnado**

Xes Pintor Villares

María Diana Secelean

Gabriela Alonso Loureiro

### **Persoal de Administración**

Belén Rodríguez

## **2. BREVE ESTUDO SOCIOLINGÜÍSTICO.**

### **2.1. A contorna sociolingüística do centro.**

O CPI Luís Díaz Moreno está situado en Baralla (municipio da provincia de Lugo), e pertence á comarca dos Ancares. Limita ao Norte cos municipios de Baleira e Castroverde, ao sur cos de Láncara e o Corgo.

A poboación é eminentemente rural, diseminada en aldeas, con actividades agrícolas e gandeiras principalmente e con traballos por conta allea dalgún membro da familia que traballan na capitalidade do concello ou nos arredores, algún deles na cidade de Lugo. Hai unha pequena empresa que se adica ao sector secundario e ao sector servizos.

A situación socioeconómica das familias do alumnado é de tipo medio-baixo, ao igual que o nivel de estudos, onde hai grandes diferenzas entre os distintos rangos de idade dos membros das familias; polo xeral, a xente de menor idade ten un nivel de estudos superior ao dos seus ascendentes.

A lingua empregada normalmente na contorna é o galego, de xeito practicamente exclusivo nas aldeas, aínda que na vila de Baralla haxa tamén castelán falantes, pero nun número reducido e procedentes, na maior parte dos casos, de fóra de Galicia.

### **2.2. A situación do profesorado.**

O cadro de profesores/as está formado por 28 docentes e a inmensa maioría teñen o galego como lingua habitual. Algúns empregan o castelán, pero son quen de falar galego e enténdeno perfectamente. A maioría do profesorado fala co alumnado en galego en todas as situación e a maioría das actividades que lles propoñen aos/ás alumnos/as están sempre en galego. En resumo, o nivel de capacitación do profesorado para expresarse en galego, tanto no oral como no escrito, é medio-alto.

### **2.3. A situación do alumnado.**

O cadro do alumnado está integrado por 143 alumnos/as. A maioría do alumnado das tres etapas (EI, EP, ESO) é galego falante, algún ten como lingua materna o castelán, porque o seu entorno familiar tamén o fai nesa lingua e entre eles tamén, pero son

capaces de cambiar ao galego con facilidade e as actividades tamén as fan en galego. Temos 18 alumnos/as de fóra de Galicia. No entanto, a maioría dos alumnos e alumnas do centro teñen o galego como lingua habitual, tanto no centro de ensino, como nos seus fogares e no entorno que os rodea. O que se pode observar é que o alumnado ten moita facilidade para cambiar do galego ao castelán cando un/unha compañeiro/a se dirixe a eles nesa lingua.

#### 2.4. A situación lingüística do centro.

Ademais das actividades docentes nas que se usa o galego, a nosa lingua está presente tamén noutros ámbitos da vida cotiá do centro:

- ❖ Aspectos visuais e documentais: carteis, letreiros, avisos, comunicados entre o profesorado e as familias, documentación administrativa...
- ❖ Usos lingüísticos cotiáns orais:
  - Emprego maioritario da lingua galega por parte do profesorado nas conversas que manteñen coas familias, co alumnado, co persoal non docente e entre nós mesmos.
  - Uso da lingua galega por parte do persoal non docente.
  - O galego é a lingua empregada en todos os actos que se organizan no centro: reunións, festivais, celebracións, etc.

### 3. OBXECTIVOS.

O obxectivo xeral do EDLG é fomentar o uso da lingua galega, así como a valoración da cultura propia, integrando a toda a comunidade educativa, en especial o alumnado non galego falante, así como o resto das persoas que non teñen o galego como lingua fundamental propia.

Como obxectivos específicos para o curso 2023-2024, para implicar a todos os colectivos, podemos mencionar:

- Implicar a toda a comunidade educativa nas actividades propostas polo EDLG. Fomentar a participación activa do alumnado nas actividades do equipo, fuxindo da elaboración de traballos, por parte do equipo, que non requiran a súa implicación.
- Intentar que diferentes colectivos da comunidade educativa participen nas actividades do EDLG.
- Dar a coñecer a figura e obra de Luísa Villalta, homenaxeada o Día das Letras Galegas de 2024, a través de actividades nas que impliquemos a maioría do alumnado,
- Poñer en valor a obra literaria de autores en lingua galega, coa lectura de obras de todas as temáticas adaptadas á idade do alumnado e priorizando obras onde se traballen contidos transversais de interese
- Traballar a expresión oral e escrita en lingua galega a través de diferentes xéneros literarios.
- Facer visible a lingua galega como vehículo para a transmisión da ciencia.
- Dar a coñecer proxectos de radio, coa participación do alumnado na radio do centro, dentro do programa Ponte nas Ondas, con pequenas curtas que fagan os/as alumnos/as.
- Informar sobre as actividades do equipo. Isto farase a través da aula virtual ou da páxina web do centro, coa intención de dinamizalas, procurando unha participación maioritaria de toda a comunidade educativa.
- Ofrecer información sobre novas relacionadas coa lingua e a cultura galegas e participación en concursos onde a protagonista sexa a lingua galega.

#### **4. DESCRICIÓN DAS ACTIVIDADES.**

A continuación descríbense brevemente o tipo de actividades que vai levar a cabo o EDLG ao longo do curso 2023-2024 para acadar os obxectivos propostos.

As actividades a levar a cabo este ano serán a maioría asociadas a diferentes conmemoracións ou momentos concretos do ano e abranguen diferentes tipoloxías: exposicións virtuais, lecturas, recitados, concursos, tanto no centro como de participación externa, de creación escrita (poesía, narrativa, lemas...), documentos

recollidos da contorna ou realizados polo propio alumnado, co que poidan participar na radio do centro, gravando cos seus teléfonos ou con outro medio electrónico, sempre cumprindo as medidas sanitarias impostas polas autoridades.

► **ACTIVIDADES TEMÁTICAS VENCELLADAS AOS DIFERENTES MESES DO CURSO ESCOLAR**

A continuación recóllense os meses nos que o equipo terá maior actividade e as conmemoracións propostas para ser abordadas polo mesmo.

<b>MES DO CURSO ESCOLAR</b>	<b>TEMÁTICA</b>
Outubro	Actividades relacionadas co outono Correlingua
Novembro	Celebración do Samaín Día da ciencia en galego Día contra a violencia de xénero
Decembro	Celebración do Nadal
Xaneiro	Día da Non violencia e da Paz
Febreiro	Día da Lingua materna Día da Candeloria Actividades do solsticio de inverno Día de Rosalía
Marzo	Día Internacional da muller Día da Poesía
Abril	Día do Libro infantil e xuvenil
Maio	Letras Galegas Correlingua

► **ACTIVIDADES VENCELLADAS Á CELEBRACIÓN DO DÍA DAS LETRAS**

Tendo como eixo vertebrador a figura e a obra de Luísa Villalta, deseñaranse varias actividades para ser realizadas ó longo de todo o curso, e nas que poida participar toda a comunidade educativa. Preténdese que a maioría das actividades sexan válidas para calquera idade, divididas nas seguintes seccións:

- Propostas xerais: recitar, procurar, investigar, crear, debuxar...
- De ser posible, propostas vencelladas ás principais conmemoracións anuais e as relacionadas coa obra do autor homenaxeado.

Fomentarase para a elaboración e o desenvolvemento das mesmas a implicación do alumnado, especialmente o da ESO. Así, algunhas das actividades que se propoñan estarán ligadas á programación da materia de lingua e literatura galega, coincidindo con parte dos traballos que deben realizar.

#### ► **ACTIVIDADES PARA DAR A COÑECER A OBRA DE ESCRITORES ACTUAIS EN LINGUA GALEGA EN COLABORACIÓN COA BIBLIOTECA E CO CLUB DE LECTURA.**

Ao longo do curso os alumnos e alumnas lerán libros de autores galegos actuais e logo intentarase que nos expliquen as súas experiencias como escritores, anécdotas e darlles unhas pequenas pautas aos alumnos e alumnas para que collan o gusto de ler e de escribir pequenos relatos ou poesías que logo poidan ir ampliando.

Ademais, promoverase a lectura de textos que, por diferentes motivos, non sexa doado que cheguen aos/ás alumnos/as, como obras de divulgación científica.

#### ► **ACTIVIDADES PARA O FOMENTO DO GALEGO A NIVEL ORAL**

Está previsto desenvolver no centro algunha actividade onde o alumnado teña que expresarse en galego e tamén o faremos na radio do centro, as intervencións no mesmo serán sempre en galego. Todas as actividades que se realicen no centro de forma oral serán en galego.



► **ACTIVIDADES DE CIENCIA EN GALEGO**

Con motivo do Día da Ciencia ou o 11 de febreiro (Día internacional da nena e a muller na ciencia) aproveitarase para achegar ao alumnado temas científicos de actualidade a través dos seus protagonistas, á vez que se pon en valor o uso do galego na transmisión dos contidos científicos.

Con ese fin, o centro participará, asemade, nun Fitofaladoiro, no cal colaborará activamente o alumnado, así como as demais persoas nel implicadas.

► **ACTIVIDADES PARA CONCIENCIAR Á COMUNIDADE EDUCATIVA DA IMPORTANCIA DO GALEGO COMO LINGUA VEHICULAR**

Ante a existencia no centro de situacións diglósicas coas linguas existentes en Galicia, entendemos que é importante levar a cabo actividades e accións que as fagan visibles e que poñan en valor o galego como lingua propia e maioritaria entre a nosa comunidade educativa. Con este obxectivo preténdese levar a cabo ao longo do curso diversas actividades para animar á participación de todos no uso do galego.

► **TABOLEIRO DE INFORMACIÓN DAS ACTUACIÓNS DO EQUIPO E DE NOVAS RELACIONADAS COA LINGUA E A CULTURA GALEGAS.**

*A través da paxina web e a aula virtual do centro, no apartado correspondente ao EDLG ou os departamentos implicados, daranse a coñecer todas as actividades do equipo, procurando así a implicación dos membros da comunidade escolar. Utilizarase asemade o taboleiro do EDLG, tamén, para afondar na difusión de aspectos que se considere de interese en relación cos protagonistas das lecturas, charlas, obradoiros... propostos polo equipo.*

► **PÁXINA WEB DO CENTRO.**

Na páxina web do centro irase poñendo información das actividades realizadas polo equipo co fin de manter informada á comunidade educativa.

**CADRO RESUMO DAS ACTIVIDADES**

<b>TEMPORIZACIÓN</b>	<b>ACTIVIDADES</b>	<b>RESPONSABLES</b>	<b>DESTINATARIOS</b>	<b>ORZAMENTO</b>	<b>MATERIAL NECESARIO</b>
<b>MES DE XANEIRO</b>	Lemas e recitado de poemas pola paz.	Profesorado e alumnado Infantil, Primaria e Secundaria.	Toda a comunidade educativa.		Material de papelería.
<b>MES DE FEBREIRO</b>	Día da Lingua Materna: contacontos Actividades de solsticio de inverno. Día de Rosalía: visita á Casa Museo de Rosalía e ao Museo do Pobo Galego.	Persoa encargada do contacontos: Ana Carreira. Profesorado e alumnado EDLG.	Alumnado de Infantil e Primaria. Toda a comunidade educativa. Alumnado de Secundaria.		Audición da contacontos. Material de papelería. Entradas aos museos e billetes do autobús.
<b>MES DE MARZO</b>	Día Internacional da Muller: obradoiro do grupo Troupelear relacionado con esta conmemoración. Día da Poesía: Obradoiro de regueifas.	Persoas encargadas dos obradoiros e membros EDLG.	Toda a comunidade educativa.		Material proporcionado polos relatores dos obradoiros.
<b>MES DE ABRIL</b>	Día do libro infantil e xuvenil: Lectura de	Profesoras/es e alumnado de Infantil,	Toda a comunidade educativa.		Obras pertencentes a diferentes xéneros

	obras de diferentes autores/as.	Primaria e Secundaria.			literarios.
<b>MES DE MAIO</b>	Actividades arredor do Día das Letras Galegas. Correlingua.	Profesorado e alumnado de Infantil, Primaria e Secundaria	Toda a comunidade educativa.		Billetes de autobús e material de papelería.
<b>TODO O CURSO</b>	Fitofaladoiro: plantación dun horto, elaboración de xabóns e visitas programadas. Actividades de concienciación en torno ao uso da lingua galega.	Membros EDLG	Toda a comunidade educativa.		Plantas e abonos. Material de papelería.

Baralla, 30 de xaneiro de 2024.

Visto e prace.

A Coordinadora

O Director

Mercedes Fdez. Méndez.

Jorge Vázquez Fraga.